

SAL. 000258 14.01.16 11:12

## **INSTRUCCIÓN I/2016 DA XERENCIA POLA QUE SE ESTABECE O PROCEDEMENTO DE SUPERVISIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CAMPUS DE SANTIAGO ACTUALMENTE CONTRATADO COA EMPRESA CLECE S.A.**

No artigo 11.6 das bases de execución do orzamento do exercicio 2016, relativas ás funcións que deben asumir os responsables dos contratos, establécese no seu punto 2, letra e, que corresponderá a estes, en relación cos expedientes de contratación que promovan: *“supervisar a execución dos contratos e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada. Así mesmo, os responsables dos contratos de servizos que se presten con carácter xeral en varias unidades da USC, articularán un procedemento que permita o seguimento descentralizado do cumprimento da actividade contratada”*.

Neste sentido, sen prexuízo de que o servizo de Xestión Económica continúe exercendo o papel que lle corresponde como responsable do contrato do servizo de limpeza, actualmente contratado coa empresa CLECE S.A., o estrito control do cumprimento das prestacións que constitúen o obxecto deste contrato, precisa de procedementos axeitados que faciliten exercer esta tarefa dun xeito descentralizado.

Por outra banda, dentro das funcións de organización e planificación do traballo propias dos postos de conserxe, atópase a de *“organizar, coordinar, supervisar e avaliar as actividades das empresas externas, comprobando que cumpren cos servizos nas condicións contratadas e reclamando, de ser o caso, o seu cumprimento”*.

Para a efectividade dese control descentralizado nas conserxerías dos centros e servizos é necesario lembrar algunhas das obrigas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe na execución do contrato. En particular as seguintes:

**“22.9.** *As prestacións non realizadas debido ... a calquera ... causa imputable ao contratista, dará lugar á dedución do prezo do contrato daquelas cantidades que sexan proporcionais aos días, ou fraccións de tempo, no que a prestación do servizo non se realizase. Para os efectos das deducións mencionadas, tomaranse como referencia as contías dunha mensualidade de trinta días.*

**29.1.** *Se a execución se demorase ou non se axustase ao determinado no contrato, a USC poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pagamento do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, de ser o caso.*

**29.3.** *... O incumprimento dos compromisos da adscrición de medios ..., poderá dar lugar á imposición das penalidades previstas no artigo 212 do texto refundido sa Lei de Contratos do Sector Público.... Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato”*.

Por outra banda, é necesario destacar tamén algúns dos aspectos ofertados pola empresa adjudicataria para a axeitada cobertura do servizo. Neste sentido cómpre salientar que, con carácter xeral, todas as baixas que puideran producirse durante a prestación do servizo, cubriranse coa mesma xornada laboral e categoría profesional da persoa que viñera prestando o servizo, independentemente do seu carácter programado ou non programado, coas seguintes particularidades e excepcións:

- Os períodos de vacacións do persoal adaptaranse aos períodos de menor actividade nos centros e servizos (preferiblemente nos meses de xullo e agosto).
- Cando se trate de baixas por enfermidade ou eventualidades semellantes, a substitución do traballador/a producirase ao día seguinte ao da baixa.
- O goce de días de asuntos propios do persoal, non será obxecto de substitución, nin suporá a obriga da empresa de iniciar procesos de selección e de nova contratación de persoal.
- En canto ás baixas non programadas, non se cubrirán as ausencias puntuais de duración determinada, xa sexan xustificadas (entre elas as horas sindicais) ou inxustificadas, derivadas de calquera outra circunstancia imprevista.

Para facilitar este control descentralizado do cumprimento do contrato, xúntase un parte, no que se resume a dotación de persoal adscrito ao centro/servizo, desagregado por categorías profesionais, e con indicación do número de xornadas completas e de horas de traballo en computo semanal, así como dos horarios de cada traballador/a, datos que deberán ser coincidentes cos da ficha de servizos ofertados pola empresa adxudicataria do servizo remitida no seu momento ao centro/servizo.

Dito parte de control deberá remitirse mensualmente ao servizo de Xestión Económica ao enderezo electrónico [contratación@usc.es](mailto:contratación@usc.es) con copia ao responsable da unidade/servizo e outra ao decano/a ou director/a do centro.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016

O xerente



José Manuel Villanueva Prieto